

Capítulo 6

PROCEDEMENTOS DE MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE



ÍNDICE DE CONTIDOS

6.1 ACTUALIZACIÓNS PERIÓDICAS	1
6.2 ADESTRAMENTO DE GRUPOS.....	2
FORMACIÓN TÉCNICA DOS GRUPOS	2
PROGRAMAS DE EXERCICIOS.....	2
PLAN ANUAL DE FORMACIÓN E ADESTRAMENTO	3
6.3 DEFINICIÓ E PLANIFICACIÓ DE SIMULACROS.....	3
DEFINICIÓ	3
PERIODICIDADE E CALENDARIO	4
PREPARACIÓ, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓ DOS SIMULACROS	5
6.4 INFORMACIÓ Á POBOACIÓ E DIFUSIÓ DA AUTOPROTECCIÓ	6
6.5 REVISIÓ E ACTUALIZACIÓ DO PEMU	7

6.1 Actualizacións periódicas

Coa finalidade de manter o PEMU-Lugo operativo ó longo do tempo, será necesaria a actualización dos contidos do documento nos seguintes termos:

1.- Procederáse de forma ordinaria á actualización semestral dos seguintes contidos específicos:

- Revisión da Axenda telefónica
- Catálogo Municipal de Medios e Recursos
- Cartografía de infraestruturas, equipamentos, medios, recursos e riscos naturais e antrópicos
- Listado de lexislación de aplicación directa ou indirecta ó PEMU-Lugo e a súa adecuación.

2.- Procederáse de forma extraordinaria á actualización inmediata de aqueles contidos que, pola súa natureza, non aconsellen a demora da súa incorporación no PEMU-Lugo. Estes inclúen:

- Lexislación que afecte ó Plan.
- Calquera información relativa a riscos e a súa xestión que se considere de urxente actualización e incorporación ó PEMU-Lugo.
- Modificacións por nomeamentos, altas e baixas, ceses, etc. nos postos de responsabilidade dos Organismos, Entidades, AA. PP., etc..

Para a actualización do citado Plan, disporanse os medios e procedementos necesarios para o acceso e tratamento da información dispoñible nos arquivos e bases de datos municipais, así como de outras Entidades e Administracións Públicas mediante convenios, acordos e outros mecanismos específicos.

Esto farase cunha dobre finalidade:

- Comprobar e verificar o correcto funcionamento e dispoñibilidade dos medios e recursos en todo momento, para que se atopen operativos no momento en que sexan precisos. O persoal usuario dos medios será o encargado de face-la comprobación operativa dos mesmos, facendo constar nun rexistro de mantemento as comprobacións efectuadas e as incidencias que se presentasen.
- Manter actualizado o Catálogo Municipal de Medios e Recursos, no cal daranse de alta novos medios ou recursos, modificaranse aqueles que sufriron cambios no seu número ou características, e daranse de baixa os que non se atopan operativos.

Para facilitar a actualización do Catálogo Municipal de Medios e Recursos do PEMU-Lugo, desenvolveuse unha aplicación informática que, mediante unha base de datos, permitirá a xestión da información relativa ó Catálogo. A descrición das funcións de dita aplicación atópase no Anexo 7.10: Catálogo de Medios e Recursos. Asimesmo, a Xunta Local de Protección Civil, no exercicio das súas funcións a nivel preventivo, procederá a informar ó Director do PEMU sobre as mencionadas altas,

modificacións, e baixas que se produzan, e que teñan unha influencia directa ou indirecta sobre o Catálogo de Medios e Recursos.

6.2 Adestramento de grupos

Formación técnica dos grupos

Dentro do posible, procurarase que os compoñentes dos Grupos de Acción teñan a adecuada formación para o desenvolvemento das súas funcións. Neste senso, será precisa a asistencia por parte dos operativos a cursiños, xornadas, e outros medios de capacitación. A asistencia a cursos sobre diferentes técnicas de salvamento e rescate por parte do persoal de intervención, en atención prehospitalaria en emerxencias polo persoal sanitario, ou en novas tecnoloxías da información aplicadas ás comunicacións por parte do persoal de transmisións son exemplos temáticos de formación que permitirán unha constante actualización no repertorio técnico dos Grupos de Acción.

Programas de exercicios

Unha vez que os membros dos diferentes Grupos de Acción contan coa adecuada formación, procederase ó desenrolo de programas de exercicios de adestramento. Estes consisten na alerta de únicamente unha parte do persoal ou medios adscritos ó PEMU, sexa este un Grupo, unha unidade pertencente a un Grupo, ou un servizo municipal.



Figura 6.2.1: A formación do persoal integrante dos Grupos de Acción é fundamental dentro dos procedementos de mantemento da operatividade do PEMU. Na imaxe, cursiño de formación en técnicas subacuáticas impartido por persoal do GEAS da Garda Civil, con asistencia de membros de Protección Civil, Policía Local, Cruz Vermella, e Bombeiros de Luco.

O exercicio entenderase coma unha actividade de familiarización do persoal dos distintos Grupos de Acción cos equipos e técnicas que empregarían no caso de activación do PEMU. A sectorización dos exercicios, reducindo ós mesmos a diferentes grupos ou unidades permite unha maior axilidade tanto na organización dos mesmos coma no seu desenvolvemento.

Os exercicios desenvolveranse de acordo a un programa, que incluírá:

- A preparación do exercicio por parte do responsable ou responsables do correspondente grupo, que incluírá a definición de data, hora e lugar de realización e os medios a empregar no mesmo. Os medios deberán ser a totalidade ou parte dos que se empregarían nun caso real de activación do PEMU. O responsable ou responsables deberán encargarse de avisar as persoas e institucións pertinentes sobre o desenvolvemento do exercicio, e no seu caso, de solicitar os correspondentes permisos e solicitudes.
- A realización do exercicio na data, hora e lugar indicados.
- A avaliación do desenvolvemento e resultados do exercicio, sendo de elevado interese o intercambio de experiencias e suxestión entre os membros dos diferentes grupos, unidades ou servicios municipais implicados, e especialmente interesante a detección de deficiencias que deberán ser subsanadas coa maior celeridade posible.

Plan Anual de Formación e Adestramento

Co fin de estruturar a formación e programar os exercicios tal como se ven de describir, o Director do PEMU, conxuntamente co Comité Asesor e o Director Técnico da Emerxencia, deseñarán un Plan Anual de Formación e Adestramento con inclusión de tódolos Grupos de Acción incluídos na planificación operativa do presente PEMU. Un modelo para o desenrolo do Plan Anual recóllese no Anexo 7.4 : Programa de Formación, Exercicios e Simulacros. Como norma xeral, cada Grupo de Acción deberá realizar anualmente un evento de formación e un exercicio de simulación.

6.3 Definición e planificación de simulacros

Definición

Os simulacros consisten na activación simulada do PEMU co fin de comproba-lo funcionamento operativo dos diferentes centros, grupos, medios e recursos con implicación nunha emerxencia. A súa finalidade é a avaliación da operatividade do PEMU en función do previsto no mesmo, e a detección de posibles deficiencias para pasar ás pertinentes medidas correctoras, ou a revisión da operatividade do plan se fose preciso. Asimesmo, servirán para a avaliación do funcionamento dos medios de detección e

resposta a emerxencias en edificios públicos, e do grado de asimilación dos procedementos de autoprotección por parte da poboación.

Nos simulacros e especialmente interesante a comprobación de:

- O funcionamento e efectividade dos sistemas de transmisións, e dos avisos á poboación.
- A rapidez de resposta e funcionamento xenérico dos Grupos de Acción, e a aplicación dos procedementos de protección á poboación.
- A relación entre os procedementos empregados polos Grupos de Acción e o comportamento da poboación con posible implicación nunha emerxencia.
- A diferente casuística posible nas posibles emerxencias en función dos casos particulares que se analicen a traveso do simulacro

E interesante que nos simulacros interveñan varios ou todos os Grupos de Acción con implicación na activación do plan. Asimesmo, será de grande importancia a participación da xente implicada no simulacro na valoración e análise de resultados do mesmo, pertencen a estrutura operativa do PEMU ou non.

Periodicidade e calendario

En termos xerais, a periodicidade mínima para os simulacros será anual. Nembargantes, dado o interese da realización de simulacros específicos tales coma a evacuación en edificios públicos concretos (institucionais, educacionais, culturais, etc.), de técnicas de socorro e rescate (en incendios, subacuáticas, montaña, etc.), e outros, será precisa a elaboración dun calendario anual de simulacros. A periodicidade na que se repita cada simulacro específicos (e dicir, o mesmo tipo de simulacro e/ou no mesmo edificio público ou colectivo) dependerá da eficiencia operativa ou das deficiencias detectadas, que deberán ser posteriormente corregidas. O modelo de calendario anual de simulacros ilústrase no Anexo 7.4 : Programa de Formación, Exercicios e Simulacros.



Figura 6.3.1: A realización de simulacros é esencial para a avaliación do funcionamento operativo do PEMU e dos medios e recursos que mobiliza, así como para coñecer a resposta da poboación ás emerxencias. Na imaxe, simulacro de evacuación no ambulatorio da Plaza do Ferrol.

Preparación, desenvolvemento e avaliación dos simulacros

A preparación do simulacro comezará coa proposta ó Director do PEMU, por parte do Director Técnico da Emerxencia e o Comité asesor, dunha determinada situación de emerxencia na cal deberá detallarse:

- A natureza da emerxencia que se pretende simular
- Os obxectivos en canto a comprobación e avaliación
- A data e hora na que se producirá o simulacro
- As distancias e estado dos accesos entre o lugar do simulacro e as bases das unidades ou grupos que serán mobilizados
- As condicións meteorolóxicas baixo as que se agarda desenvolver o simulacro, ou a estimación da influencia real das condicións meteorolóxicas no caso de simulacros de emerxencia por este tipo de factores

O Comité Asesor elaborará unha lista de comprobación que será a referencia para a valoración dos resultados do simulacro. Como información básica, a lista de comprobación reflexará:

- O lugar, data e hora previstas e reais da realización do simulacro
- As persoas e unidades alertadas, e os Grupos de Acción as que foron adscritas
- O tempo requerido para a determinación das zonas afectadas e medios necesarios
- O persoal e medios que acoden ó lugar do simulacro
- O tempo de chegada ó lugar do simulacro de cada unha das unidades mobilizadas, contabilizado dende o momento que foron alertadas

Na avaliación dos resultados do simulacro deberá terse en conta as características e condicións nas que se desenvolve o simulacro, e o tipo de emerxencia que se quere emular.

Na data e hora sinaladas, en función do alcance do simulacro e dos medios previstos para o seu desenvolvemento, o Director do PEMU activará o Plan ós efectos do simulacro, ou o Director Técnico da Emerxencia activará a sección correspondente. Unha vez se produce a activación, cada grupo comezará ás tarefas que lle son propias, simulando en todo momento a actuación precisa para o tipo de emerxencia deseñado. Asimesmo, realizarán unha comprobación a tempo real dos tempos de resposta en cada fase da súa intervención.

No lugar ou lugares do simulacro atoparase un ou mais observadores designados polo Comité Asesor, co cometido de controlar os tempos de chegada de cada unha das unidades ou servicios intervintes, e dos medios necesarios para a xestión da emerxencia. Estes tempos serán reflexados no correspondente informe para a súa avaliación.

Una vez rematado o simulacro, procederase ca avaliación dos resultados a partir da información recibida de cada unha das unidades pertencentes ós diferentes Grupos de Acción, e dos tempos recollidos polos observadores. A avaliación basearase nos fallos ou deficiencias detectados con respecto a un óptimo establecido na lista de comprobación elaborada polo Comité Asesor para a planificación do simulacro. As mencionadas deficiencias usaranse como base para a mellora dos procedementos por parte dos diferentes centros de coordinación, grupos, unidades e servicios implicados, que serán revisados con especial atención nos seguintes simulacros.

6.4 Información á poboación e difusión da autoprotección

No caso dunha emerxencia de calquera tipo, a participación da poboación é un dos elementos fundamentais para a súa xestión. Polo tanto, é imprescindible que os contidos do PEMU sexan complementados cun programa de medidas destinadas a informar á poboación sobre os riscos existentes no municipio e as formas adoptadas para facerles fronte, así como a difundir as medidas máis adecuadas de autoprotección. Considerase que a poboación adecuadamente informada pode facilitar en grande medida a aplicación das medidas de protección e xestión de emerxencia que se plantexan no PEMU.

O programa de medidas de información á poboación e difusión da autoprotección incluirá:

- Campañas de sensibilización á poboación sobre a necesidade de estar informados sobre os riscos existentes e as medidas a adoptar ante cada un deles
- Folletos e outros medios de divulgación informando das medidas de autoprotección
- A difusión a través de charlas e conferencias sobre o PEMU-Lugo, e a súa relación coa protección da poboación e o seu papel nas emerxencias
- Demostracións de técnicas e medidas de protección persoal
- A participación da poboación en exercicios e simulacros

- Información cada vez que se active o PEMU, sexa cun motivo real ou dun simulacro

O Director do PEMU executará as accións descritas, co apoio da Xunta Local de Protección Civil no exercicio das súas funcións a nivel preventivo.

De acordo coa lexislación vixente o PEMU-Lugo será público e poderá ser consultado por calquera persoa física ou xurídica que o solicite.

6.5 Revisión e actualización do PEMU

Ademais das revisións periódicas ás que se fai referencia no apartado 6.1 do presente capítulo, o PEMU-Lugo deberá ser sometido á revisión cunha periodicidade semestral, e sempre que se considere necesario a inclusión de novos contidos. A revisión consistirá no repaso dos riscos existentes no Municipio e as medidas para contrarresta-los efectos da súa manifestación real, incluída a consignación de novos riscos detectados e que non fosen incluídos na versión inicial. Asimesmo, reflexará tódolos cambios ocorridos no Catálogo Municipal de Medios e Recursos, e en calquera parte do documento que así o requira.

A Xunta Local de Protección Civil, no exercicio das súas funcións a nivel preventivo, procederá á proposta de actualización do documento PEMU-Lugo tra-la súa revisión, e á entrega dunha copia das modificacións do documento a:

- Director do PEMU
- Director Técnico da Emerxencia
- Compoñentes do Comité Asesor
- Xefes ou responsables dos Grupos de Acción
- Dirección Xeral de Protección Civil da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia da Xunta de Galicia.
- Calquera outra persoa implicada directa ou indirectamente no Plan